

Estimadas familias:

Próximo a rematar o mes de xullo, poñémonos en contacto con vostedes para comunicarlles cuestións organizativas importantes de cara ao inicio do curso 2023-2024:

▪ **PLATAFORMA DE COMUNICACIÓN:**

No vindeiro curso, teremos nova plataforma de comunicación con alumnado e familias: **PLATAFORMA ALEXIA**. Na **última semana de agosto**, enviaráselles aos seus correos electrónicos as instrucións para que se podan dar de alta cun **usuario** e **contrasinal** nesta Plataforma.

Lembrámoslles que, ata o 31 de agosto, estará operativa a plataforma EDUCAMOS; **a partir do 4 de setembro** estará operativa a **PLATAFORMA ALEXIA**. Non obstante, na web do colexio terán a información relativa ao novo curso 2023-2024, ata garantir que todas as familias dispoñen de acceso á nova plataforma.

▪ **INSCRIPCIÓNS PARA ATENCIÓN MATINAL, COMEDOR E EXTRAESCOLARES.**

**A partir do día 27 de xullo**, na páxina **web do colexio**, [www.carmelitasourense.com](http://www.carmelitasourense.com), estarán publicados os enlaces correspondentes ás seguintes inscricións para o vindeiro curso 2023-2024:

- ✓ Atención matinal
- ✓ Comedor
- ✓ Actividades extraescolares.

As inscricións nas actividades extraescolares ofertadas polo **Club Carmelitas Vedruna** poderán facelas a través da súa web, **a partir do luns, 21 de agosto**: [www.cvedrunaourense.com](http://www.cvedrunaourense.com)

A **Empresa Activa**, abrirá un novo prazo de matriculación na *Escola de idiomas* e nas actividades extraescolares, **a partir do 11 de setembro**. As familias que non fixeran en xuño as inscricións terán os enlaces na web do colexio a partir desta data.

▪ **COMPRA DE UNIFORMES E ROUPA DEPORTIVA:**

**A partir do 27 de xullo**, estará operativa a **TENDA ONLINE MCYADRA** na web do colexio: [www.carmelitasourense.com](http://www.carmelitasourense.com).

Unha vez que se dean de **alta** como **usuarios** na **tenda online**, poderán elixir as prendas segundo a guía de tallas que proporciona McYadra.

Para que a elección de prendas sexa o máis doada posible, achegamos tres táboas coas indicacións precisas de **prendas obrigatorias e opcionais**, cos nomes e referencias que figuran na tenda online.

	PRENDA	RFRCIA.	OBLIGATORIO	OPCIONAL
EDUCACIÓN INFANTIL	<b>UNIFORME DE CALLE</b>			
	ANORAK LIGERO	P0014415		✓
	BABI SAQUITO	P0014401	✓	
	JERSEY PICO	P0014404	✓	
	PANTALÓN CORTO INFANTIL	P0014408		✓
	PANTALÓN LARGO INFANTIL	P0014407	✓ (niño)	✓ (niña)
	PICHI	P0014411	✓	
	POLO MANGA CORTA	P0014412	✓	
	POLO MANGA LARGA	P0014413		✓
	<b>UNIFORME DEPORTIVO</b>			
	CAMISETA MANGA CORTA PUNTO LISO	P0014420	✓	
	CHAQUETA CHÁNDAL	P0014424	✓	
	PANTALÓN CORTO DEPORTE PUNTO LISO	P0014433		✓
	PANTALÓN DEPORTE	P0014434	✓	

	PRENDA	RFRCIA.	OBLIGATORIO	OPCIONAL
EDUCACIÓN PRIMARIA	<b>UNIFORME DE CALLE</b>			
	ANORAK LIGERO	P0014415		✓
	BABI BOTONES	P0014400	✓	
	JERSEY PICO	P0014404	✓	
	PANTALÓN CORTO ADULTO	P0014406		✓
	PANTALÓN LARGO NIÑO	P0014405	✓	
	PANTALÓN NIÑA	P0014409		✓
	FALDA	P0014403	✓	
	POLO MANGA CORTA	P0014412	✓	
	POLO MANGA LARGA	P0014413		✓
	<b>UNIFORME DEPORTIVO</b>			
	CAMISETA MANGA CORTA DRY	P0014419	✓	
	CHAQUETA CHÁNDAL	P0014424	✓	
	PANTALÓN CORTO DEPORTE DRY	P0014430		✓
	PANTALÓN DEPORTE	P0014434	✓	

	PRENDA	RFRCIA.	OBLIGATORIO	OPCIONAL
SECUNDARIA - BACH	<b>UNIFORME DEPORTIVO</b>			
	CAMISETA MANGA CORTA DRY	P0014419	✓	
	LEGGING ESTRECHO	P0014428		✓
	PANTALÓN CORTO DEPORTE DRY	P0014430	✓	
	PANTALÓN DEPORTE	P0014434		✓
ESO – BACH – NAIS-PAIS/ PROFESORES	SUDADERA CAPUCHA	P0014417		✓

A **modalidade de envío** é a seguinte:

- ✓ Envío gratuíto ao colexio
- ✓ Envío ao enderezo familiar 6,00 € - Gratis por compra superior a 100 €
- ✓ Devolucións por conta do cliente se é “erro” seu, por conta de McYadra se é erro da Empresa.

Como no mes de agosto o colexio está pechado, as familias que opten polo **ENVÍO AO COLEXIO, NON PODEN REALIZAR AS COMPRAS ATA A ÚLTIMA SEMANA DE AGOSTO, PARA QUE AS PRENDAS PODAN SER ENTREGADAS CANDO O COLEXIO ESTEA ABERTO.**

- **Venta de prendas de alérxicos:**

Na *tenda online* hai una pestana coas prendas para alérxicos. Esta pestana para alérxicos estará dispoñible **dende o 27 de xullo ata o 4 de agosto.**

Lembramos dúas informacións importantes comunicadas xa en circulares anteriores:

1. Haberá vixencia de dous anos do uniforme e da roupa deportiva actual, coas novas prendas.
2. O *uniforme de calle* en 1º de ESO implantarase no curso 2024-2025, e o vindeiro curso informarase de todas as prendas que se ofertarán.

Se por algunha incidencia no envío ou no stock da *tenda online*, non chegase a tempo o seu pedido, e as prendas do curso anterior non lle servisen aos seus fillos/as, poderían vir con prendas *de calle*, ata que lles cheguen os uniformes novos ou/e prendas deportivas.

Os **horarios de inicio de curso**, estarán na **web do colexio** a partir do **luns 4 de setembro**.

Agradecemos desculpen a demora destas comunicacións, que quixeramos telas transmitido con máis antelación.

Desexámoslles segan a desfrutar do merecido descanso e das vacacións de verán.

¡Un afectuoso saúdo en nome do Equipo Directivo e no meu propio!

Yolanda Álvarez Álvarez  
Directora Xeral